

ACCESIBILIDADE

Friday, 10 November 2006

DECLARACIÓN DE ACCESIBILIDADE

O novo sitio do Concello de Monterroso construíuse co ánimo de que poida ser visitado e utilizado de maneira satisfactoria polo meirande número de persoas posible, independentemente das limitacións persoais que teñan ou das derivadas do seu contorno.

Para isto, traballamos baseándonos nas tecnoloxías estándar e nas recomendacións establecidas polo Consorcio World Wide Web W3C.

GUÍA DE USO

Como navegar na web do Concello de Monterroso.

A páxina de inicio da web divídese en tres seccións principais:

- A parte esquerda e superior conteñen as ligazóns ás distintas seccións do portal, incluído volver á páxina de inicio.
- A parte dereita contén varias imaxes que son ligazóns ás seccións máis interesantes do sitio, pero que tamén pode atopar no menú da esquerda.
- A parte central contén as novas e novidades do concello, ordenados pola data, desde os máis recentes aos máis vellos.

Pretendemos que os contidos da web sexan atractivos gráficamente pero sen renunciarmos, por iso, á claridade e á facilidade da navegación. Se atopa algunha dificultade para acceder ao contido ou para entendelo, por favor, comuníquello por correo electrónico ao administrador da web do sitio.